

A PROMOCIÓN INTERNA DOS FUNCIONARIOS DA XUNTA: UNHA CUESTIÓN DE DENTES.

A maior desgraza que nos puido pasar aos empregados públicos foi a de pasar a depender da consellería de Facenda. Unha consellería na que a única valoración que se fai do emprego público é en termos contables. O rendemento, o esforzo, a capacitación e a profesionalidade quedan reducidos a unha simple valoración contable. Toca facer unha política de “austeridade” e os empregados públicos como un lastre para cadrar as contas da Administración Galega. Por esa política de “austeridade” o goberno galego apelou a nosa solidariedade ou, máis ben, se nos impuxo ser solidarios. En base a esa política de “austeridade” os empregados públicos fomos privados da nosa carreira administrativa; soportamos a redución do noso salario; sufrimos a desigualdade de niveis realizando funcións e tarefas similares; seguimos a sufrir a discriminación decimonónica na percepción dos trienios E, en base a esa “austeridade”, centos de empregados públicos coa condición de interinos e laborais están a ser despedidos. Pois as arcas públicas non poden facer fronte a ese derroche de cartos investidos en persoal necesario para prestar uns servizos públicos esenciais e de calidade, e hai que cadrar as contas.



Pero si, lamentablemente, estamos a sufrir unha grave situación de crise e toca facer unha política de “austeridade”. Así, todos nós aínda recordamos como, en base a esa “austeridade” o **Conselleiro da Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza**, anunciaba ao principio desta lexislatura o **compromiso do goberno** de poñer fin a contratación de Asistencias Técnicas para a realización de funcións e tarefas propias de empregados públicos, así como a implantación dunha drástica política de “racionalización do gasto” dentro da propia Administración. Un compromiso do goberno galego que afectaba a todos os ámbitos da Administración. Sí, o goberno galego

apelaba a nosa solidariedade, pero eles tamén iba a ser solidarios e racionais con todos nós e coa sociedade galega. Tiñamos o seu compromiso.

Neste escenario de “austeridade”, na Mesa Xeral de Negociación de Empregados Públicos, celebrada o pasado 25 de marzo, o goberno galego presentaba unha irrisoria Oferta de Emprego Público. Unha oferta de emprego na que as xa poucas expectativas de promoción profesional dos funcionarios quedaban, unha vez, máis minguada tanto polo número ridículo de prazas ofertadas como ao facerse unicamente sobre prazas vacantes, eliminando a opción da reclasificación das prazas. E todo elo debido a que a consellería de Facenda contabilizara o custo da reclasificación de postos dos funcionarios afectados pola promoción interna da OEP do 2008 en 500.000€, e as arcas públicas galegas non podían soportar un gasto similar no 2011. E, novamente, os empregados públicos tiñámolo que entender e ser solidarios.

O que non nos dixo o goberno galego foi que ese mesmo día o *Xornal de Galicia* desvelaba que o Conselleiro de Economía e Industria sustraía das arcas públicas galegas **345.000€**, ampliables a **708.000€** para contratar un seguro médico privado para dar cobertura exclusivamente ao persoal contratado do IGAPE. **Un seguro médico ao que os empregados públicos non temos acceso** e cujas coberturas inclúen *servizos de atención primaria, tanto a través de médicos como de ATS, servizos de urxencia, 37 especialidades médicas e cirúrxicas, 11 tipo de tratamentos e prestacións complementarias como podoloxía ou asistencia en viaxe*. Ademais deste catálogo de prestacións, incluídas xa na sanidade pública galega, para máis agravio e insulto aos empregados públicos, as prestacións inclúen 12 especialidades odontolóxicas que comprenden dende a odontoloxía en xeral e preventiva ata a colocación de próteses, a periodoncia, a ortodoncia, a implantación de pezas dentais ou o diagnóstico especializado... Por contra, o que destina o goberno galego para cubrir os gastos sanitarios dos seus empregados públicos (tratamentos próteses bucodentais, audiovisuais e/ou ortopédicas) e un máximo de 105€, sempre que se acredite un gasto superior a 135€. (<http://www.xornal.com/artigo/2011/03/25/politica/seguro-odontoloxico-privado-emplegados-do-igape/2011032500045800176.html>)

O que tampouco nos dí o goberno galego e a inxente cantidade de cartos que, das arcas públicas, seguen a detraer, fundamentalmente os **Conselleiros de Medio Rural e Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas** en novas contratacións de Asistencias Técnicas para a realización de tarefas e funcións propias dos empregados públicos con soldos moi superiores aos que perciben os empregados públicos. Empregados públicos aos que se lles está a roubar os seus dereitos económicos e profesionais e empregados públicos que están sendo despedidos porque as arcas públicas non poden soportar o seu custo.

E así, ante tal cúmulo de despropósitos, tan só queda preguntarnos se o Conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza nos está a mentir ou nos está a enganar a todos os empregados públicos ou si estamos a revivir un novo “desgobierno” onde o compromiso dado pola Xunta non ten valor e cada conselleiro é un Rei de Taifas que fai, ou máis ben, desfai ao seu antollo, mentindo e enganando ao propio Conselleiro da Presidencia e deixando, así, en evidencia a todo o goberno da Xunta.

O que sí sabemos é que, os que aínda nos sentimos orgullosos de ser empregados públicos e os que aínda temos a convicción de que somos necesarios, empezamos a plantexarnos o facer oposicións para converternos en Asistencias Técnicas ou en persoal contratado do IGAPE.



SOMOS FUNCIONARIOS, SOMOS INDEPENDIENTES

DEFENDENDO O PÚBLICO
Boletín Independente dos Empregados Públicos

CSI-F
Galicia
Sección Sindical
Servizos Centrais

Local Sindical San Caetano Edif. Administrativo San Caetano Tfno.: 981 54 59 89 – Fax: 981 95 72 73 e-mail: csif.sancaetano@xunta.es	Local Sindical San Lázaro Edif. Consellería de Sanidade (SERGAS) Tfno.: 881 54 28 01 – Fax 881 54 86 88 e-mail: csif.conselleria.sanidade@sergas.es
--	---

<http://heraldtoupeiras.es> / <http://facebook.com/herald.toupeiras>